


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

25 - 26 de abril do 2020

III DOMINGO DE PASCUA (na casa)



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

Nota: O tema de hoxe vai ser PASCUA NA LUZ, para motivarnos a ser nós luz e facho para os outros.

Seguimos tendo unha vela na mesa para que nos alumee durante a celebración.

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hoxe aquí, na casa, estamos reunidos no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. Amén.

Os discípulos de Emaús recoñeceron a Xesús ao partir o pan, nós queremos sentilo camiñando á nosa beira, queremos descubrir a súa luz alumeando os nosos carreiros, queremos escoitar a súa palabra, e queremos compartir a casa e facer comunidade con el. Somos hoxe nós eses discípulos, e é a nosa aldea.

Facémolo desconcertados, estamos confinados e nos custa mirar unha saída próxima á pandemia, e fixérono desconcertados os discípulos de Emaús que viñan de enterrar os seus soños coa morte de Cristo na cruz.

A Pascua na casa é esa igrexa máis grande na que xa pode estar todo escuro, en tebras, que Xesús ao estar preto, a súa luz inúndanos. E hoxe é PASCUA de LUZ.

🎵 *A Cristo cantamos na luz*

Monitor/a

Acendemos esta vela na nosa casa en recordo do cirio pascual. Nel vivíamos a LUZ de encontro de fogar; era luz de comunidade, agora acollémola aquí para que co noso exemplo sexamos nós luz para os demais, LUZ pascual que nos alumee nestes días que custa atopar sentido de comunidade na soidade do confinamento.

(Acéndense a vela)

Señor Xesús,

que a LUZ PASCUAL nos alonxe das tebras que nestes días se fan á nosa beira.

Que a luz pascual nos alumee na responsabilidade á hora de ser facho de esperanza cada día, para sentir que a vida sempre vale a pena, aínda que ás veces o camiño sexa escuro.

 **A Cristo cantamos na luz**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante o noso Pai Deus.* **(silenzo)**

Deus, Noso Pai, alegrándonos de ser igrexa feita dende a casa, vémonos renovados e rexuvenecidos pola LUZ PASCUAL. Que coma os de Emaús poidamos agardar con esperanza firme o día glorioso do Señor. Pedímoscho, por Xesucristo, a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *Nestes días da pascua somos invitados a superar as dúbidas e os abandonos.*

Os textos que agora proclamamos vannos amosando que as actitudes dos primeiros cristiáns eran a esperanza, a alegría, a confianza, a perda do medo. escoitemos, e acompañemos aos dous da aldea de Emaús do evanxeo de hoxe.

No Leccionario I A páxina 147

LECTURA

LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

O día de Pentecoste, Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e díxolles:

-Xudeus e todos os que habitades en Xerusalén: entendede ben e escoitade as miñas palabras:

Fálovos de Xesús de Nazaret, home acreditado por Deus ante vós por milagres, marabillas e sinais que Deus fixo por el entre vós, como vós mesmos sabedes; a este, matástelo crucificándoo, pero Deus resucitouno.

Palabra do Señor

 **No colo da miña nai**

SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, dous dos discípulos ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén. Ían falando de canto pasara. E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba canda eles, pero non o recoñeceron. Entón preguntoulles:

- De que ides falando polo camiño?

Eles pararon cun semblante moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

- Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?

El preguntou:

- De que, logo?

Eles contestaron:

- Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron. Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alí tres días desde que pasaron estas cousas.

Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ao riscar o día ao sepulcro, e, ao non

atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive. E algúns dos nosos alá foron ao sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.

Entón díxolles:

- ¡Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! E logo, non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?

E comezando por Moisés e todos os profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ao entraren na aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo:

- Quédate connosco, faise tarde, e a noite bótase enriba.

Quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. Entón abríronselle os ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. E dixeron:

- Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándonos as Escrituras?

E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon os Once reunidos cos seus acompañantes, que dicían “é certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón”.

Eles tamén contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no xesto de partir o pan.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Monitor/a Neste domingo de Pascua estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe. Cada semana temos ocasión de deixarnos encher da vida:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz (no día de hoxe)

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante Hoxe o signo é PASCUA NA LUZ, no dar exemplo, no acompañar co noso alumear a quen senta escuridades e medos na vida.

Como proposta deste momento intentaremos traer da memoria a persoas que nalgún momento escuro da nosa vida sentimos que estaban á nosa beira.

Tamén podemos recordar a algunhas persoas que para nós teñen sido un bo exemplo (poden ser parentes, amigos ou veciños cercanos a nós e poden ser persoas das que nalgún momento escoitamos falar delas por exemplo Teresa de Calcuta, Gandi, Gándara, Nelson Mandela,...

Contemos cousas que nos lembren como nese momento, estando perdidos e abatidos, como os de Emaús, fomos capaces de atopar un novo camiño ilusionante que fixo que saíramos adiante.

Monitor/a

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

PASCUA NA LUZ

Responsabilidade de ser luz e facho para os demais

"Eu son a luz do mundo" Xn 8, 12



Onde hai luz hai amor.



O noso exemplo debe alumear a aqueles que se atopan débiles e necesitan un alento para chegar a ver Luz.

Vivir iluminados pola luz de Xesús é vivir nunha loita continua e constante contra as inxustizas.



Achegarse á luz é achegarse a Xesús. Xa pode estar todo escuro, en tebras, que se Xesús está preto, a súa luz inúndanos.



COMPARTINDO O CREDO PASCUAL

Celebrante Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

Celebrante Nestes días de Pascua, deixándonos alumear pola luz da fe, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.

Monitor/a

• Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

SI, RENUNCIO

• Renunciades a calar diante das inxustizas e das necesidades das persoas e das institucións, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

SI, RENUNCIO

- Renunciades aos criterios e comportamentos materialistas que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida; que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

SI, RENUNCIO

Celebrante Deixándonos quecer á beira do lume da fe, renovamos agora o noso credo: o da esperanza, o do amor, o da vida en Cristo Resucitado.

Monitor/a

Credes en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo,
o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar no coidado da vida cos demais?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para berrar ante os abusos, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

SI, CREEMOS

(en pé)

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *En familia, sentíndonos quecidos no corazón de Deus, invoquemos a súa misericordia que nos convoca a amar a todos; oremos dicindo*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

1. Señor, iniciamos a nosa pregaría pedindo pola Igrexa, espallada polo mundo e presente neste fogar, que non teñamos medo a ser e a dar exemplo, oremos

2. Señor, rezamos polas persoas que teñen medo e se angustian nos atrancos da vida, sae con nós ao seu encontro para que te descubran coma luz e forza dos febles, oremos

3. Señor, rezamos polos homes e mulleres que son un bo exemplo coas súas palabras, cos seus sentimentos, cos seus feitos. Queremos que o sigan facendo á nosa beira ensinándonos que tamén nós podemos facelo, oremos

4. Polas persoas afectadas polo virus, para que poidan albiscar LUZ ao final do camiño, oremos

5. Polos voluntarios e profesionais que tanto fan nestes días, para que sigan facendo camiño amosando esperanza e LUZ aos que teñen á súa beira, oremos

Celebrante *Quédate, Señor, connosco, cando anoitece na nosa vida e as sombras da noite nos asustan, quédate con nós, ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Porque coma Xesús queremos pousar as nosas vidas nas mans do Pai, pedimos hoxe que sexamos testemuñas da súa LUZ de amor sendo coherentes e responsables facendo o seu Reino. Dicimos: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *PAZ CONVOSCO son as palabras do Resucitado. Acollamos pois esta paz e contaxiémola a todos, por iso hoxe queremos recordar a aqueles parentes, amigos e veciños que a miúdo camiñan con nós, esas persoas que sabemos que sempre van estar aí. (podemos dicir en alto os seus nomes)*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos a primeira comunidade de discípulos botaba a andar dando testemuño da Resurrección.*

Aquela LUZ pascual, aquel camiño, aquela aldea de Emaús, aquela mesa, é hoxe esta igrexa na casa. Que compartamos de verdade a nosa fe sendo coherentes e responsables nesta situación actual que reclama estar atentos a todos nas súas necesidades.

Ditosos nós que en familia celebramos a nosa fe.

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL


Celebrante:

Pai santo, estamos compartindo o camiño do teu fillo Xesús. El, dende este fogar, quere ser compañeiro de viaxe, e quérenos dando razón da nosa esperanza a todos os que nos atopemos no camiño da vida, xa sexa nos días escuros ou nos cheos de LUZ. Axúdanos Ti, por Cristo noso Señor. Amén

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.

ALELUIA !!
“CRISTO ESTÁ
RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

